

## DIRECTRICES DO PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### I. Introducción

O persoal docente e investigador (PDI) ten unha triple función na Universidade: ensinar, investigar e xestionar. Pola súas complexas atribucións precisa que a súa formación sexa moi completa e estea moi actualizada.

### II. Oferta formativa

A Área de Formación e Innovación Educativa fornecerá de formación didáctica en diferentes competencias profesionais da docencia universitaria.

Os alicerces da formación do profesorado serán as seguintes competencias:

1. A planificación.
2. A metodoloxía.
3. A motivación.
4. A integración de medios.
5. A tutoría.
6. A avaliación.
7. A comunicación.
8. A investigación educativa.
9. A pertinencia institucional.
10. A innovación.
11. Competencias relacionadas coa diversidade.
12. Competencias transversais.

Non se incluírá na oferta formativa cuestións relativas á actualización docente de contidos ou temáticas moi especializadas.

### III. A quen vai dirixido

- I. Persoal docente con figuras de:

- a. CU Catedrático/a de universidade.
- b. CE Catedrático/a de escola universidade.
- c. TU Profesor/a titular de universidade.
- d. TE Profesor/a titular de escola universitaria.
- e. AX2 Profesor/a axudante doutor/a.
- f. AX1 Axudante.
- g. A3 Profesor/a asociado/a .
- h. PI Profesor/a interino/a.

## II. Persoal investigador con carga docente:

- a. BFPI Contratado/a FPI .
- b. BFPU Contratado/a FPU .
- c. BUVI Contratado/a predoutoral Uvigo .
- d. BXUN Contratado/a predoutoral Xunta .
- e. DO Profesor/a contratado/a doutor/a.
- f. FE Fellowsea.
- g. IBG Investigador/a Beatriz Galindo.
- h. IDIST Investigador/a Distinguido/a.
- i. IDR Investigador/a doutor/a.
- j. IJDC Investigador/a Juan de la Cierva .
- k. IRYC Investigador/a Ramón y Cajal.
- l. LE Lector/a de idioma estranxeiro.
- m. PFXG Posdoutoral Formación Xunta de Galicia.
- n. PI Profesor/a contratado/a de substitución.
- 1. Posdoutoral FPI Posdoutoral FPI.
- o. PXGA Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A.
- p. PXGB Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade B.
- q. PXI3 Postdoutoral Proxectos Ministerio Xóvenes Investigadores mod.3.

En caso de que queden prazas dispoñibles poderán asistir outros perfís baixo o criterio da Área de Formación e Innovación Educativa.

A participación nas actividades formativas e a obtención da correspondente acreditación non outorgará á persoa participante a adquisición de ningunha categoría profesional ou vinculación coa Universidade de Vigo.

## IV. Criterios de acceso

En cada convocatoria fixarase o número de persoas asistentes e os criterios de acceso. Os principios xerais serán os seguintes:

1. Persoas que quedaron na listaxe de agarda.
2. Persoas que non participasen en edicións anteriores do curso.
3. Persoal fixo sobre o eventual.
4. Non estar a realizar nas mesmas datas outro curso.

## V. Duración das actividades

Cada curso terá un determinado número de horas de dedicación. Os cursos contemplarán o número de horas de docencia, de traballo autónomo, modalidade de impartición. O número mínimo de horas que se recoñecerá será de oito horas.

## VI. Modalidades de impartición

- > *Presencial*: o alumnado e profesorado comparten espazo físico e tempo.
- > *Virtual síncrona*: o alumnado e profesorado comparten tempo mais non espazo físico xa que a conexión é virtual.
- > *Virtual asíncrona*: o alumnado e profesorado non comparten nin tempo nin espazo físico xa que a conexión é virtual.
  - *Con prazos*: o curso ten entregas puntuais fixadas no calendario.
  - *Sen prazos*: o alumnado pode entregar as actividades ou facer o exame cando queira.

## VII. Solicitudes

As solicitudes deberán presentarse dentro dos prazos establecidos na convocatoria.

## VIII. Obrigas

### > Área de Formación e Innovación Educativa

A Área de Formación e Innovación Educativa está obrigada a avisar ás persoas da aceptación da súa matrícula nas actividades formativas cunha semana mínima de antelación.

### > Persoas participantes

As persoas admitidas nas formacións adquieren o compromiso de levalo a cabo e valorar a súa aplicación ao seu posto os coñecementos e técnicas adquiridas.

As persoas matriculadas nun curso poderán renunciar a el cunha antelación mínima de tres días hábiles da data de comezo do curso, para deste xeito permitir a asistencia a outra persoa que estea na listaxe de agarda.

No suposto de que a persoa non comunique a súa renuncia coa antelación indicada ou que asista a menos do 20 % da formación, terá a menor prioridade de acceso aos cursos que se realicen nos seis meses posteriores, a non ser que presente unha causa xustificada da non asistencia.

De acordo coas características do curso establecerase un mecanismo de control da asistencia ou realización.

## > Do profesorado das actividades formativas

O profesorado dos cursos velará polo cumprimento do horario e calendario establecido na convocatoria así como da asistencia.

O profesorado non poderá modificar a programación que está publicada do curso sen permiso da Área de Formación e Innovación Educativa.

## IX. Acreditación da formación

- > A asistencia e/ou a superación das actividades de avaliación das actividades formativas será acreditada pola Universidade de Vigo. O tipo de acreditación será un *Fai constar* asinado polo vicerreitor/a correspondente. Para obter a acreditación cómpre superar a formación ao finalizar a mesma. Non haberá prazos posteriores para superar a actividade e obter a certificación.
- > Expediranse o número total de horas dos cursos e non por partes.
- > Nunca se emitirán certificacións á mesma persoa como docente e participante nunha mesma actividade formativa.
- > Tamén se expedirá a acreditación ao persoal que imparta cada actividade formativa.

## X. Avaliación da satisfacción da formación

O instrumento de avaliación dos cursos será a enquisa. Unha, inmediatamente despois de rematar a formación que servirá para a medición da satisfacción das persoas participantes e outra, despois de catro-seis meses para coñecer a aplicabilidade da formación.

## **XI. Responsabilidade social da universidade**

- > Na formación que se faga sobre programas informáticos, elixirase a versión de software libre fronte a privativa, salvo daquel software do que a Universidade de Vigo dispoña licenza.
- > Tentaranse que na totalidade de cursos se promova a igualdade de xénero e o uso da lingua galega (agás dos que sexan específicos doutras linguas).
- > Impartiranse cursos que fomenten a implicación da universidade na sociedade (metodoloxías aprendizaxe-servizo, colaboración para o desenvolvemento...).

## **XII. Memoria anual**

A Área de Formación e Innovación Educativa elaborará unha memoria anual indicando os datos máis significativos dos cursos, número de persoas participantes, avaliación e custos.